


VI Exposición Internacional de Arte Postal en Avilés



O Concello de Avilés e ANMinvestigación convidan ás persoas creativas de todo o mundo e a quen queira incorporarse á iniciativa, a participar na **VI Exposición Internacional de Arte Postal/Mail Art**, que co lema «**o aire**» celebrárase no Palacio de Valdecarzana, en Avilés. Asturias (España. Europa), no mes de **decembro de 2021**.

CORREOS Filatelia emitirá un selo cunha das obras postais seleccionadas entre todas as recibidas para a VI Exposición Internacional de Arte Postal de Avilés, co lema «o aire», e que se poñerá en circulación na VII edición de 2022.

Os participantes deberán especificar na súa obra o seu consentimento escribindo o texto **SÍ CEDO**, se están de acordo en que se empregue o súa obra, ou **NO CEDO** no caso contrario.

Entre as obras postais onde apareza **SÍ CEDO**, CORREOS Filatelia elixirá a obra obxecto do selo.

A obra postal elixida non terá carácter comercial xa que o selo está estipulado como franqueo, non realizando ningún tipo de acción comercial fóra desta limitación sen a autorización do autor ou autora.

CORREOS Filatelia distribuirá dita obra/selo co nome e apelidos do autor ou autora tanto no selo como na divulgación que se faga dela.

Envía os teus cartóns postais, que podes crear cos materiais que queiras nos que podes intervir libremente, e nos cales, dalgún xeito, estea presente o lema «**o aire**»: **vento, brisa, corrente, céfiro, airear, sopro, alento, espiración, hálito, aire de grandeza, mal aire, aire acondicionado, aire do sur, deixa correr o aire...**

ENVÍO: por correo postal, se non ten cuño, non vale e —sen sobre—

TAMAÑO LIBRE

SOPORTE LIBRE: papel, madeira, metal, vidro, vexetal, pel, pedra, materiais reciclados, tea, malla, plástico... ou aquilo que a ocasión che poña diante.

TÉCNICA LIBRE: escribe, debuxa, pega, curta, cose, rasga, imprime, fai colaxe, grava, pinta, fotografía... ou aquilo que a túa imaxinación te leve a crear.

IDENTIFICACIÓN: pon o teu nome e apelidos, enderezo e país e o email. Enviarase documentación por email a todos os participantes.

DATA LÍMITE: 31 de outubro de 2021

EXPOSICIÓN E CATÁLOGO: farase catálogo dixital e realizarase unha exposición con todas as obras, en **decembro de 2021**, no Palacio de Valdecarzana, C/ del Sol, 1 - 33402 Avilés. Asturias (España. Europa)

Sen xurado / Sen selección / Non se devolverán as obras
Participa desde onde esteas neste momento / Pásao e convida aos teus colegas

ENVIAR A:

VI Exposición Internacional de Arte Postal en Avilés «el aire»
Palacio de Valdecarzana
Calle del Sol, 1
33402 Avilés. Asturias
España (Europa)

CONTACTO: Ricardo Fernández / +34 615 238 962 / avilescultura@gmail.com

